

**Praza número: 26/2044**

**Número de prazas: 1**

**Categoría: Profesor/a Asociado/a**

**Dedicación: Parcial P04**

**Área de coñecemento: Organización de Empresas**

**Departamento: Empresa**

**Docencia: 4497213 Innovación Industrial**

**4497235 Sistemas Avanzados de Producción**

**4542024 Simulación e Optimización de Procesos de Fabricación do Buque**

**771G01030 Ergonomía e Deseño**

**771G01043 Xestión da Innovación e do Deseño**

**Centro: Facultade de Economía e Empresa**

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso de estabilización do profesorado asociado para a provisión da praza enriba indicada,

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 126 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 94/2025, do 6 de outubro (DOG do 27 de outubro), e en aplicación do disposto no apartado 11 da normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 7 de novembro de 2024, resolve asignar a referida praza ao/á concursante D./D<sup>a</sup>. **ADOLFO LAMAS RODRÍGUEZ.**

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso ante a sección social do tribunal da instancia da Coruña de conformidade co establecido no artigo 2.n) da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da Xurisdición Social (BOE núm. 245 do 11.10.2011). Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A vicerreitora de Profesorado, por delegación do reitor (RR 10/07/2024)

María Teresa López Fernández